

O ESTÍO FESTIVO NO CONCELLO DE VIVEIRO (LUGO). O SAN ROQUE, O NASEIRO E VALDEFLORES.

AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

Publicado en *Tempos de Festas en Galicia*. T. II. Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2008.

A. ALGÚNS TRAZOS HISTÓRICOS E XEOGRÁFICOS DO CONCELLO.

Dende as abas da Serra do Xistral descende o río Landro, que vai recibindo no seu curso importantes aportes de auga de arroyos e ríos pequenos como poden ser o Loureiro e mailo Bravos. No seu tramo final constitúe un esteiro que ó longo duns tres quilómetros forma unha ampla chaira. Ó seu carón está emprazada a vila de Viveiro, principal núcleo urbano da Mariña Central.

O municipio viveirense é o que posúe, na costa setentrional da provincia de Lugo, a maior densidade de habitantes por km², con máis de 15.000 almas, distribuídas en doce parroquias, que se sitúan tanto no val como na franxa costeira. Ademais da capital do concello, os núcleos máis poboados son Celeiro e Covas, que configuran unha aglomeración urbana, ben comunicada co interior da provincia e co resto da Mariña.

Dende antano, poboaron as terras de Viveiro diferentes culturas, como queda reflectido nos restos descubertos do Neolítico, na existencia dun importante número de castros e, tamén, nalgúns vestixios romanos. De tódolos xeitos, non vai ser ata os séculos XII e XIII cando xorde o urbanismo viveirense como resultado das repoboacións reais. A documentación histórica máis antiga que se conserva pertence ó ano 1112, cando dona Urraca –a quen o seu pai Alfonso VI outorgara o condado de Galicia– concedeu o señorío do entón burgo viveirense ó bispo de Mondoñedo D. Nuño Afonso. Isto provocou unha pugna entre o burgo e o bispado, que durou ata o ano 1346, cando Afonso XI lle concedeu a condición de reguengo, reafirmada polos Reis Católicos en 1476.

Varias liñaxes da nobreza galega como os Aguiar, Andrade, Cela, Mariñas, Viveiro e outros, foron sucedéndose no dominio da vila, na que se ergueu unha muralla con seis portas e catro portañas, que aínda cumpriu coa súa labor defensiva contra a peste a finais

do século XVI, e fronte as tropas napoleónicas no 1809. Unha das tres portas que permanecen na actualidade é a de Carlos V, situada na parte baixa do conxunto urbano, fronte á ponte da Misericordia, que cruza a ría. Na súa fachada poden verse, ademais do busto do emperador, dous escudos: o do Reino de Galicia e o do propia vila.

Dende o punto de vista económico, Viveiro configurase como un centro industrial e turístico, pero no resto do concello seguen recorrendo ós tradicionais traballos do sector primario: a agricultura, a gandería, a explotación forestal, a pesca e o marisqueo. O sector industrial caracterízase pola construción naval, fábricas de compoñentes eléctricos e tamén empresas subministradoras do próximo complexo industrial de Alcoa, antes denominado Alúmina, en Xove. No que atinxe ó sector terciario, a vila é un núcleo de importantes servizos administrativos, comerciais e educativos.

B. FESTIVIDADES RELIXIOSO-PROFANAS NO CONCELLO DE VIVEIRO

I. A FESTA DO SAN ROQUE

REFERENCIAS HISTÓRICAS.

Na segunda metade do século XVI, Viveiro pasou por unha serie de calamidades, sendo a peste bubónica desenvolvida dende o ano 1569 ó 1576, a que causou unha maior mortalidade non só na vila, senón tamén noutros lugares próximos como Celeiro, Cervo, Galdo, Xerdiz, Landrove ou San Cibrao.

No ano 1598, volveu aparecer a peste noutras vilas próximas a Viveiro como Betanzos, o Valadouro, Sada, etc. Non obstante, nesta ocasión o andazo non remontou as murallas viveirenses, e os habitantes da cidade creron verse salvos do mortal contratempo pola intervención do seus patróns, san Roque e santo Tomé. Por tal motivo, o concello presidido polo corrixidor, decidiu ingresar na confraría de San Roque e santo. Tomé; ademais de organizar, o 16 de agosto, a festa na honra do santo de Montpellier, na que adoitaban correrse dous touros, e celebrar, nese mesmo día, unha procesión polas rúas da vila. Daquela, a imaxe do san Roque foi colocada na fachada principal da residencia dos corrixidores e logo, ó ser derrubado ese edificio, sería levada ó Castelo da Ponte, onde se segue a venerar hoxe en día.

2. O ESPAZO DA ROMAXE E AS SÚAS LENDAS

COORDENADAS U.T.M.

X: 614.531

Y: 4.835.530

A capela de san Roque está situada no cume do monte que leva o seu nome, a 353 metros de altitude e a uns tres quilómetros da vila de Viveiro, coa que se comunica por medio dunha estrada local. Dende o punto de vista artístico, o exterior da ermida é de cachotería, agás a porta de entrada e o campanario que foron construídos con bloques graníticos; ademais a fachada principal amosa un relevo esculpido en granito nestes últimos anos, e a cuberta, de dúas augas, é lousa do país. O interior mostra unha nave rectangular cun arco triunfal e nas paredes hai unha serie de relevos que representan a san Bento, santo Antón Abade, á Virxe, san Roque e outras imaxes.

Preto da capela, segundo a tradición oral, hai unha cova na que apareceu o santo peregrino. Ese relato puido ser o elemento que motivou a construción dunha capela dedicada a san Roque, nunha época na que as pestes e outras epidemias acontecían dabondo.

Tamén por legado oral chegou ata os nosos días unha curiosa lenda sobre os dous santos que “habitaron” en montes próximos a Viveiro:

“Un día san Roque e san Martiño mantiveron unha forte rifa e cada un deles marchou para o seu monte. Logo de chegar a cadanseu lugar, san Roque empezou a guindarlle pedras a san Martiño pero non lle acertaba. Isto deu lugar a que Martiño se mofase de Roque pola pouca habilidade que amosaba. Irritouse san Roque e lanzoulle tódalas pedras que tiña no seu monte, non ficando ningunha. Por tal motivo, non é raro que agora no monte de san Roque non atopemos pedra ningunha, mentres que no de San Martiño do Castelo encontremos demais”.

Por outra banda, ó carón da ermida do santo peregrino hai un miradoiro dende o que se divisa unha fermosa panorámica da vila, da ría viveirense e doutros lugares próximos como o barrio de Celeiro, Vicedo, a illa Coelleira, etc. Hai así mesmo neste espazo unha área recreativa, ligada á capela, ben preparada para pasar unhas horas de

lecer, xa que dispón de *barbacoas*, asentos e mesas para xantar. Ademais, dende agosto do ano 1993 posúe unha boa iluminación. Neste lugar, dunha superficie de dúas hectáreas, celébrase o día 16 de agosto unha romaxe dedicada ó santo avogoso da peste, copatrón de Viveiro xunto con santa. María.

3. DIMENSIÓNS PROFANA E RELIXIOSA.

Nas primeiras horas do amencer do día 16, grupos de mozos e adultos inician a ascensión á capela, uns andando e outros, máis tarde, en coche. Para algúns a finalidade é rematar no cume do monte a troula comezada horas denantes na vila viveirense. Hainos, tamén, que acoden ofrecidos ó santo por diferentes motivos, como doenzas e problemas de diversa índole. Estes cumpren cunha serie de promesas, algunha delas xa iniciada en días anteriores, como a novena, que se celebra previamente e que, na actualidade, -segundo Janeiro Rodríguez- faise en dúas quendas, unha á mañá e outra á tarde. Nelas rézase o rosario, as oracións propias de cada día e as xerais, entre as que podemos salientar, pola súa transcendencia e mais o respectuoso silencio gardado polos devotos, os “Gozos tradicionais...” e o “Responsorio de nuestro copatrono San. Roque”

O día da festividade levan a cabo outras promesas que poden ser no interior da capela ou fóra. No primeiro caso, cómpre aludir a dúas: a de oír a misa solemne e a de “poñer o santo”; esta última consiste en que un fregués da parroquia viveirense de Santa. María dá a bicar unha imaxe pequena de san Roque, mentres recita a seguinte xaculatoria:

*Pues médico eres divino
cn prodigiosas señales,
líbranos de peste y males,
Roque, santo peregrino.
Cristo vive,
Cristo reina,
Cristo te libre
de mala muerte. Amén.*

No decurso do novenario, houbo outras oracións que empregaba o poñente. Unha delas é a seguinte:

*O Santo che de a sanidade,
che quite a enfermidade,
polo poder que Deus ten,
e da Virxe María. Amén.*

*Cristo vive,
Cristo reine,
Cristo impere,
Cristo te libre
de mala morte morir. Amén.*

No exterior da capela, os devotos participan na procesión que percorre unha parte do campo da romaxe. A disposición dos seus elementos é a seguinte: En primeiro termo, a cruz do recinto sagrado, levada por un fregués da parroquia. Logo, as imaxes de san Roque e santa María, portadas en andas por devotos de ambos os dous sexos. Finalmente van os cregos concelebrantes e algúns fieis, colocados sen distinción de idade e sexo polos flancos da procesión, ou ben ó final.

Ó concluír os oficios relixiosos comeza a vertente profana da romaxe, consistente na actuación dun grupo de charangas de Viveiro e outro de gaiteiros, que propician que algúns romeiros inicien o baile. Mentres tanto, outros se dedican a almorzar chocolate – produto moi habitual nesta festa– así como outras viandas nalgunha das mesas que se encontran na área recreativa. A seguir, os romeiros comezan a baixar para a Vila, en cuxo templo románico de Santa. María do Campo se celebra un oficio relixioso dedicado a san Roque, para que poidan asistir aqueles devotos que non foron á capela.

Noutros tempos, -segundo Xesús Xove- a ascensión á ermida do santo levábase a cabo sobre as catro ou cinco da mañá, debido a que os bares da vila e demais locais de lecer estaban pechados. Ían moitos romeiros, ata o punto que algúns anos era difícil poñer unha manta no chan para poder almorzar. Antano, a esmorga continuaba pola tarde nos soutos de Pé de Boi, como nolo indica Bernardino Moas nestes festivos versos:

*Mais como pequena foy
a festa, e o día e compreto,
todos van botar un neto*

pol´a tarde a Pe de boy.
Aló segue a romería:
músecas, bailes e tendas,
empanadas e merendas,
e barullo e troulería.
Sacando cada romeiro
dúas cousas, galana e fea:
a barriga, moito chea,
e o peto, moito baleiro.

Na actualidade, a subida ó San Roque vai a menos. Se cadra, o motivo principal radica en que dende hai uns cinco anos, os bares e cafeterías da vila permanecen abertos toda a madrugada, o que da lugar a que os mozos sexan cada vez máis preguiceiros en acudir cedo á convocatoria tradicional desta celebración, no monte dedicado ó santo avogoso da peste.

II. ROMAXE DO NASEIRO.

1. LOCALIZACIÓN E ORIXE

COORDENADAS U.T.M.

X: 613.502 Y: 4.835.530

O Naseiro é unha paraxe moi fermosa, situada na marxe dereita do río Landro. Pertence á parroquia de San Pedro de Viveiro, onde se di que estivo emprazada a primeira poboación viveirense. Neste lugar, distante uns 5 quilómetros. da vila, conmemorase o cuarto domingo do mes de agosto a *Romaxe do Bo Xantar*, declarada de Interese Turístico o ano 1967.

A súa orixe está vinculada a unha feira que, dende hai máis dun século, se celebraba nas mesmas datas onde actualmente se fai a festa. O aumento considerable da concorrencia de xente á xornada feiral, levou a que as autoridades do concello requiriran ós propietarios do Naseiro para que retirasen os valados do recinto e, dese xeito, se puidese ampliar o espazo das transaccións.

Co paso do tempo, a feira foise convertendo nunha romaría, cuxa primeira edición se documenta a finais do primeiro terzo do pasado século XX. Dende os seus inicios, a festa campestre foi un importante foco de atracción non só para a vila de Viveiro e os seus veraneantes, senón tamén para outros ámbitos mariñaos e do interior galego. Ademais, houbo algún célebre poeta como o mindoniense Antonio Noriega Varela que, xa a principios da década de 1930, evocou con sentidas estrofas dedicadas ó Naseiro a fermosura do lugar e mais a influencia que daquela xa ía acadando a romaxe.

A ROMERÍA DO NASEIRO (FRAGMENTOS)

C-o asenso d´o mundo enteiro

Veño a advertirche, romeiro

(si non estás sobre aviso)

que á imitación d´o Naseiro

fixo Dios o paraíso...

A dous pasos de Chavín

N´un bosque mesto, ¡ sen fín!

Umbría, murmurios, pios

y-o mais discreto entr´os ríos

xuiciosos, que eu conocín

¡O Landro!, unha flor che inmolo

Sabes pasar despaciño

Por aquel lugar, tan solo,

Para n´agrimar o emniño

Que ten a Virxe no colo

¡A Virxe Nosa Señora!

Que ben quér que Dios quía

E nos deo o pan cada hora,

Que si somos bós, sonrie

E si somos ruis, chora

Este ano...¡ tódolos anos,

*(mentres haxa en arcas panos
para levali'as, ufanosas,
as dillas d'os meus paisanos
montes lle van dar de rosas...*

*¡Coraxe ll'han dar axiño!,
E algunha quioutra motiña,
Nobres almas, que eu conozco,
para que ó ter de seu casiña
Non viva n'aquel cabozo...*

*Mais... ¡ oh lindeza| ¡oh esplendores|
Gracias a Dios y-os fervores
De que recusa o diñeiro,
¡parecen ramos de frores
os árbores d'o Naseiro.*

*Luces de colores son
Que o Landro, con devoción,
Divinamente retrata
Astros d'un azul chilón
Estrelliñas d'ouro e prata...*

*¡Ea, mozo, outra pieza!:
O bon humor e riqueza,
y-o baile hay que disfrutal-o
¡hastra que o sol apareza,
farto de cantar o galo!*

*E quen d'obrigal a trate,
y-a cortesía conoza,
¡que non faiga o disparate
de deixar marchar a moza
d'a festa, sin chocotale|*

2. ORGANIZACIÓN DA FESTA.

Se esta romaxe segue adiante é grazas, en gran medida, ó esforzo dunha comisión composta por varias persoas, que se encargan de planificar aquelas infraestruturas básicas que fan posible a dinámica do evento. Así, mentres que a comisión de festas se encarga dos servizos de aparcamento, auga e luz, pola súa parte o concello aporta o control do tráfico, a recollida de lixo e a instalacións de sanitarios.

Con respecto ós aparcamentos, a comisión sempre lle pide a algunha entidade social de Viveiro que se encargue deles. Ademais, os organizadores cumpren co cometido de subastar o terreo que lles pertence entre os diferentes postos de polbo, mesóns, atraccións e vendedores de diversos obxectos, como roupa, reloxos, recordos, etc. Estes postos adoitan pagar por metro lineal de fronte, agás os das atraccións, que cotizan non só en función do lugar que ocupan, senón tamén pola contía de persoas que acoden a eles.

Por outra banda, a meirande parte dos propietarios do Naseiro encárganse de construír “taboleiros” para aqueles grupos que veñen instalarse no lugar. Estes paneis serven teoricamente para unhas dez persoas. Neste últimos anos fixéronse aproximadamente unhas 1500 unidades, que se alugaron para os cinco días que dura a romaxe. Durante o período da festa acudiron a visitala, en coches de liña ou particulares unhas 70000 persoas.

3. PROCEDENCIA E ASENTAMENTOS DOS ROMEIROS.

Actualmente, a romaxe celébrase dende o cuarto venres do mes de agosto ata o martes seguinte inclusive. Días antes, os romeiros, procedentes non só de Viveiro e a mariña lucense, senón tamén doutros lugares de Galicia, Asturias e en menor medida de Andalucía, Castela, Cataluña e o País Vasco, vanse asentando no seu lugar de emprazamento, para agardar o comezo da festa.

Hai grupos e familias, que mesmo acoden cos electrodomésticos básicos, como neveiras, cociñas e outros utensilios para pasaren os días da romaría o máis comodamente posible nas casetas construídas por eles mesmos. Nalgúns casos o lugar de emprazamento desas casetas adoita ser o mesmo que en anos anteriores. Estas

construcións, de madeira, son moi variadas, indo das máis simples, normalmente ergueitas por grupos de mozos, ata as máis complexas e vistosas, ocupadas dun xeito preferente por persoas de máis idade.

Por outra banda, nestes últimos anos, estamos asistindo na parte alta do Naseiro a un fenómeno difícil de erradicar, consistente en que os grupos de mozos que se sitúan nesa zona constrúen as súas casetas e logo cóbrenas con plásticos negros, indo, deste xeito, contra o sentir básico da romaxe que é “a abertura e proxección ó exterior”. Esa actitude rexéitana dunha maneira expresa os organizadores da romaxe, mediante comunicacións á prensa

De todos os xeitos, a pesar desa puntual diverxencia, o Naseiro segue mantendo o seu espírito de alegría, convivencia e solidario lecer. Aínda que a romaxe trata de exaltar a comida en xeral, procurase que cada día estea dedicado a un produto enxebre, como o polbo, o caldo, o cocido, a empanada e as sardiñas. Non obstante, actualmente, esa tradición é máis teórica que real, pois a cumpren poucos romeiros, agás no que atinxe ó polbo, que se adoita consumir na primeira xornada e, en menor medida, ás sardiñas, na última.

Conforme ao apuntado, a festa comeza un venres. Ese é o día dedicado ó polbo e, polo tanto, o que conta cunha maior aceptación por parte dos romeiros e visitantes . Para atender todas as demandas, tanto duns coma doutros, sempre hai casetas dispostas a proporcionar racións dabondo do típico “polbo á feira”.

Tralo xantar, o romeiro dedica gran parte da tarde e da noite a ir de troula con outros compañeiros e amigos, ata que o corpo acuse o cansazo. Ese momento é determinante para poder durmir unhas horas, normalmente catro ou cinco, pois lle van ser de moita axuda para aguantar as catro xornadas vindeiras. Se é de Viveiro procura ir a casa de seu, por se duchar e mudar de roupa, e logo volve ó recinto da romaxe, onde comparte de novo a comida co grupo, que se adoita encargar nalgún mesón ou restaurante da vila. E a seguir dormen unha sestiña, para renovaren despois a esmorga. Así tódolos días, ata que remata a romaxe.

Nos días seguintes cada vez son máis patentes as relacións de convivencia e amizade que se levan a cabo na romaxe, indo de mesa en mesa, probando unha peperetada acó, bebendo un *chupito* aló e falando dunha variedade de cousas que teñen, pola curta, un denominador común, que é ¡pasalo ben!

O luns pola tarde celébrase, dende hai varios anos, o descenso do Landro, que constitúe unha mostra lúdico-deportiva de portentosa de imaxinación. Polo río abaixo

van en colchóns, pneumáticos e flotadores máis de cincuenta romeiros, que tentan chegar á meta do mellor xeito posible, procurando que sempre reine entre eles a alegría e o bo humor. Na edición do 2005 houbo tres artefactos navegables, que causaron unha gran sensación entre os espectadores de tan fachendosa carreira fluvial: un barco pirata cos seus canons, unha caseta flotante e un coche de bombeiros.

Durante os cinco días diversas charangas e grupos de gaiteiros percorren o Naseiro contribuíndo a animar ambiente festivo que alí se respira. Pola noite, tanto as verbenas como as diferentes atraccións que hai ó carón do campo da festa, son un reclamo para todos aqueles que aínda teñen ganas e folgos para botar un baile ou gozar dos variados carruseis.

Por outra banda, na romaxe tamén está presente, aínda que cunha menor intensidade, unha dimensión relixiosa reflectida nunha serie de rituais que se ofician nunha pequena capela situada ó carón do campo da festa, dedicada nun primeiro momento a Nosa Señora da Pena de Francia e actualmente a Nosa Señora. dos Remedios.

4. A DIMENSIÓN RELIXIOSA

Neste recinto sagrado celébrase denantes do venres un novenario, con rosario e misa incluída. O sábado e o domingo oficiase unha misa concelebrada por varios cregos do concello. Concluída a eucaristía en ambos os dous días sae a procesión que percorre unha parte do campo da festa. A disposición dos elementos deste cortexo é a seguinte: Un fregués da parroquia de San Pedro de Viveiro leva a cruz vinculada á capela; logo, a imaxe da Virxe dos Remedios portada nas andas por catro devotas e, ós seus flancos, diversos fieis sen distinción de idade e sexo; a continuación, os cregos concelebrantes, seguidos de fregueses e romeiros; e, como remate, unha das orquestras que vai tocar ó solpor, ou á tardiña, na romaxe.

Así mesmo, o sancristán da capela dedícase a “poñer a santa” durante os cinco días da festa, permanecendo a capela aberta dende a mañá ata a noite. O poñente, no momento que da a bicar unha pequena imaxe da Virxe, recita a seguinte xaculatoria:

***A Virxe dos Remedios,
te libre de todo mal,
te acompañe en esta vida***

e na hora da morte. Amén.

En el nombre del Padre,

del Hijo y del Espíritu Santo.

Ademais, algúns devotos desta advocación mariana lévanlle como ofrenda unha esmola en metálico, ramos de flores, candeas e mesmo exvotos de cera, coa representación de figuras humanas, que permanecen pendurados na parede lateral dereita da capela.

Con todo, a romaría do Naseiro non fica esquecida dun ano para outro. Ó seu remate os diferentes grupos de romeiros ou *peñas* de amigos comezan alí mesmo, no propio espazo da festa, a organizar e planificar distintas actividades para a seguinte edición.

III. A FESTIVIDADE DA VIRXE DE VALDEFLORES.

A imaxe desta advocación mariana recibe o seu nome do convento de Valdeflores, situado na Xunqueira e preto da desembocadura do río Landro, na parroquia de Magazos, a 1,5 km. da capital do concello.

COORDENADAS U.T.M.

X: 612.967 Y: 4.834.474

A igrexa conventual foi construída nos anos finais do século XIV ou ben nos comezos do XV. A súa portada é oxival, aínda que contén elementos ornamentais que evocan o románico, con arquivoltas sostidas por dúas columnas por xamba, rematadas en capiteis de follas. Outras estruturas, como a torre campanario, alzáronse no século XVIII. Actualmente, no presbiterio, hai un retablo moderno onde se encontra a imaxe da Nosa Señora de Valdeflores.

1. LENDA DA APARICIÓN DA VIRXE.

Sobre a súa aparición difundíuse a seguinte lenda popular:

“Moi preto á desembocadura do Landro hai un val que recibiu o nome da Xunqueira, pois nel só se daban xuncos e algún espiño. Estas terras eran propiedade

dun cabaleiro viveirense chamado Juan Fernández de Aguiar, para quen traballaba un xornaleiro no xuncal.

Un bo día un dos espiños floreceu, chamando a atención de todas as persoas que pasaban por aquel terreo. Decorrido algún tempo, o xornaleiro estaba cavando ó carón do espiño florido, cando escoitou unha voz que lle dicía, “cava e non me firas. Vete a xunto do teu señor e dille que acuda a sacarme deste lugar”.

O labrego, logo de repoñerse do susto, marchou á vila para dar conta do acaecido ó seu amo, e este respondeulle que eran fantasías ou que tentaba bularse del. Que seguise traballando. Consecuentemente, retornou á Xunqueira para continuar co seu labor, mais por segunda vez se repetiu o portento. E tamén daquela, a resposta do señor foi moi similar á primeira.

Unicamente cando a voz lle dixo ó labrador cal era número de libras de cera que gardaba o seu amo nunha arca, foi cando o cabaleiro, informado polo seu empregado, acudiu con el ó lugar dos feitos, onde logo de cavar un pouco, atoparon unha imaxe da Virxe e un pequeno crucifixo.

Daquela as imaxes foron levadas en procesión ata Viveiro, para se depositar na capela de San Martiño de Rúa a Cuberta. Pero ó día seguinte a Virxe desapareceu, e foi encontrada de novo na Xunqueira. Logo repetiuse outra vez a mesma translación, e mais a posterior fuxida da imaxe ó espazo onde traballara aquel xornaleiro”.

Este repetido feito lendario provocou que se construíse un pequeno templo no lugar da aparición, onde se colocou a imaxe. Moi pronto a notoriedade da Virxe de Miraflores fíxose tan patente, que comezaron a acudir xunto a ela numerosos fieis de Viveiro e das localidades próximas, achegándolle diversas ofrendas que depositaban ó pé do altar.

2. DINÁMICA DA FESTA.

O 8 de setembro conmemorase na igrexa do Convento de Valdeflores a festividade da Nosa. Señora. Actualmente acoden devotos non só da parroquia de Magazos, senón tamén doutras limítrofes e mais da vila de Viveiro. Os fieis veñen perante á Virxe a

pregarlle por problemas de saúde, facenda e benestar, ou ben para lle dar grazas polos favores acadados.

Ó chegar ó santuario, os romeiros realizan unha serie de promesas, como oír a misa solemne, concelebrada por varios cregos do concello á primeira hora da tarde. E deseguido participan na procesión, que percorre unha parte do casco antigo do lugar e mais un pequeno tramo da estrada comarcal. A disposición dos diferentes elementos que concorren nela é a seguinte: a cruz e dous ciriais ligados ó mosteiro, levados por fregueses de Magazos; a imaxe da Virxe, portada nas súas andas por oito devotos da parroquia; finalmente, os cregos concelebrantes e os devotos en xeral, colocados sen distinción de idade e sexo, que adoitan ir rentes da imaxe.

Esta procesión desfila con particular encanto e esplendor cando pasa por riba dunha alfombra floral, elaborada primorosamente no casco antigo do lugar, e mais adiante cando levan a Virxe baixo dous arcos florais, situados no camiño que descende ó convento. A continuación, dentro da igrexa, un dos cregos dá a bicar aos devotos a reliquia do “Lignum Crucis”, traída de Xerusalén pola beata Constanza de Castro

Rematados os oficios relixiosos, celebrábase normalmente a festa profana.

IV. CONSIDERACIÓNS SOBRE AS TRES ROMAXES VIVEIRENSES.

Conforme ó xa apuntado, as romarías do san Roque e da Virxe de Valdeflores relaciónanse con lendas nas que se relata a aparición das súas respectivas imaxes nos actuais emprazamentos dos seus santuarios. Nesas narracións lendarias establécese unha relación entre dúas comunidades con cadansúa imaxe de devoción e o que representa, mediante unha identificación entre o espazo e o símbolo, entre o humano e o sagrado. Trátase, pois, de lendas que tentan dotar dunha concreción ó ser sobrenatural, é dicir, converten en particular ou local un modelo ou representación universal.

Neses lugares, as comunidades respectivas transformaron o espazo, construindo santuarios dun xeito permanente. E iso determinou a futura función dos correspondentes lugares, a través de determinadas crenzas e rituais sobre a manifestación dunha imaxe.

As romaxes do curso baixo do Landro posúen unha área de influencia que non transpasa os límites da Mariña occidental, agás a do Naseiro que se proxecta mesmo fóra de Galicia. As tres festas móstranse como símbolos de identidade da vila

viveirense, sobre as que se configura a unión da comunidade, por canto expresan modos locais de convivencia, formas sociais particulares, etc. Non obstante, a Romaxe do Bo Xantar” é o símbolo por excelencia, pois difunde ou dá coñecer o nome vila por ditantes latitudes lugares, ata o punto que –segundo David Doval e outros informantes da festa– hai un gran número de persoas que coñecen Viveiro grazas ó Naseiro.

Respecto ás imaxes de devoción, presentes nestas romaxes, compre indicar que operan como mediadoras perante Deus e condensan toda a virtude e o poder sobrenatural. Polo tanto, con elas establécese unha importante comunicación por medio da palabra e de certas actitudes somáticas, encamiñadas a acadar o seu amparo e benevolencia. Pero tal favor sacro hai que o relacionar co grao de protección ás estruturas dun intercambio igualitario, o cal implica “dar para que me deas”. Por iso, os romeiros deixan unha serie de ofrendas para satisfacer á súa parte no acordo cos santos.

V. OUTRAS FESTAS NO CONCELLO

1.- A FESTIVIDADE DO ECCEHOMO.

COOORDENADAS U.T.M.

X: 612.735. Y: 4.835.559

A advocación de Cristo como **“Eccehomo”** encontrase no altar dereito da capela de Santa María da Misericordia, situada preto da ponte maior de Viveiro. A construción desta capela débese ao donativo de Rodrigo Alfonso Alfeirán, quen nunha escritura outorgada diante do escribano de Viveiro Miguel Galo, acordou o 29 de xullo do ano 1603: ***“Que a Honra y Gloria de Dios Todopoderoso, Santísima Trinidad, Padre, Hijo, Espíritu Santo, Trino y Personal y Uno en Esencia, y de la Santísima Virgen Nuestra Señora y para aumento del Culto Divino y Devoción de los fieles Cristianos y sufragio de los fieles difuntos, ordenaba de fundar y fundaba con dedicación perpetua una ermita o capilla con título y nombre de Santa María de la Misericordia, sita de la otra parte al cabo de la Puente de esta dicha Villa, en su propiedad, heredad y a su costa, teniéndolo por bien y aprobándolo su Señoría Reverendísima Don Diego***

González Samaniego, Obispo y Señor de Mondoñedo, del Consejo del Rey Nuestro Señor, debajo de cuya protección y amparo la ofrecía y dedicaba y consentimiento del Bachiller Alonso Fernández de Castro, Cura propio de la iglesia parroquial del Señor Santiago de esta Villa en cuyo distrito y feligresía está sita la dicha ermita y capilla...”

No ano 2006 creouse nesta capela a confraría da Misericordia; esta interven na Semana Santa de Viveiro coa súa imaxe de devoción, o Ecce Homo, que segundo aseguraron os seus restauradores no ano 1997 ten unha antigüidade de máis de trescentos anos.

A festividade do **“Eccehomo”** celébrase na vila o primeiro venres do mes de marzo, nomeado tamén como o **“Día das tres gracias”**, porque os devotos tiñan o costume de pedir á divindade tres desexos, rezando por cada un deles un Credo e unha Salve, malia esperaren que só unha petición sería cumprida. Os fieis pertencentes á comarca viveirense acoden ao recinto sacro, tanto o día propio da festividade como nos días ordinarios, para impetraren remedios por doenzas humanas. Estes para acadar os rogos pertinentes adoitan realizar unha serie de rituais, como vir andando dende o seu lugar de orixe e “poñer o santo”. este ritual consiste en que un fregués do lugar da a bicar unha imaxe pequena do “Eccehomo”, recitando a seguinte xaculatoria:

***“Cristo che de a sanidade,
te libre da enfermidade,
polo poder que Deus ten,
e a Virxen María. Amén.
Cristo reine,
Cristo te libre de mal morir, Amén.
No nome do Pai, do Fillo
e do Espírito Santo”.***

Ademais os devotos acenden candeas e botan unha esmola nunha boeta situada no interior da capela. Noutroora, o día da festividade había romeiros que percorrían de xeonllos a ponte da Misericordia, denantes de chegaren ó templo.

1.1. LENDAS DO ECCEHOMO.

A devoción ao Ecce Homo o primeiro venres do mes de Marzo, nomeado como día das tres gracias, débese a un feito transcendental acaecido na contenda civil española.

Coméntase *“que un home ferido no devandito enfrontamento achegouse á capela e ofreceulle ao Ecce Homo unha candeia da súa mesma altura; este agardou no interior do recinto sacro ata que se consumise. Logo, o home sandou, xurdindo a partir dese intre a devoción mencionada”*.

Tamén é unha imaxe moi ligada ao mundo do mar, e decir á xente pescadora e as súas familias.

Dícese *“que hai moitos anos un mariñeiro da zona logrou saír dunha enorme treboada, cando xirou a proa do seu barco de cara á capela do Ecce Homo, conseguido desta maneira voltar a súa casa san”*. Dende ese intre (momento), todos os barcos, que saen a faenar desde o porto de Celeiro, dirixen as súas proas, mirando á capela. Deste xeito, están pedindo a protección e intercesión da entidade sacra.

2. A FESTIVIDADE DA VIRXE DOS REMEDIOS.

COORDENADAS U.T.M.

X: 616.158

Y: 4.832.132

No lugar de Fontecoba, pertencente á parroquia de Santa María do Campo, conmemórase a festividade da *Nosa Señora dos Remedios* once días despois de Pentecoste. Os actos litúrxicos celébranse nunha sinxela capela, de planta rectangular, que posúe unha pequena espadana e unha cuberta de pizarra a dúas augas. Enriba da porta de entrada amósase unha placa de mármore coa seguinte inscrición:

“En honor a N. S. de los Remedios, patrona de esta capilla de Fontecova para que ella bendiga y proteja siempre a sus vecinos. Dedicamos este recuerdo en fecha 19 de maio de 1970”.

A este recinto sacro, acoden fieis de toda a redonda coa finalidade de pregar á Virxe a curación de determinadas doenzas ligadas coa pel, como, verrugas, dermatites etc. Por tal motivo, os devotos achéganse a unha fonte situada preto da capela, onde mollan os seus panos e, logo, pásanos polas partes doentes dos seus corpos cunha finalidade protectora e sandadora. A continuación, déixanos ao carón da fonte para que vaian secando. Hai a crenza de que a medida que os panos van podrecendo as doenzas da pel

van curando. Antano, os fieis acudían a esta fonte a sandar a sarna, unha doenza que ocasiona intensos picores na pel.

O manancial presenta na súa fronte a seguinte inscrición:

DIOS HIZO / QUE YO MANASE / Y QUE EL SEDIE- / NTO BEBIESE / A LA VIRGEN MA / DRE ALABASE / Y EN SU REMEDIO ACUDIESE.

3.- FESTIVIDADES DA ADVOCACIÓN DO CARMEN.

3.1. O último sábado e domingo do mes de xullo festéxase na parroquia de Celeiro a Virxe do Carme. Acoden, dun xeito especial, mariñeiros e as súas familias coa finalidade de pedirlle á Virxe protección no mar. O sábado os devotos asisten á misa dedicada ós náufragos, e a continuación participan na procesión. Nela, os mariñeiros da comunidade parroquial levan a imaxe ata o porto, e alí permanece na lonxa ata o día seguinte, que é cando se fai a procesión marítima pola ría de Viveiro, presidida pola Virxe a bordo dunha embarcación engalanada. Ó regresar ó porto, os fieis realizan unha ofrenda floral polos mariños afogados no mar.

COORDENADAS U.T.M.

X: 614.307

Y: 4.837.225

3.2. O primeiro venres e sábado de xullo conmemórase á festividade do Carme no ***barrio de Pénjamo***. O venres os fregueses da comunidade realizan os tapices e alfombras florais sobre as que ao día seguinte pasa a imaxe mariana. O sábado, as 11,30 horas, o párroco oficia unha misa por todos os naufragos e mariñeiros. Ao seu remate sae a procesión polas diferentes rúas do barrio.

3.3. No ***barrio de A Pescadería***, celébrase a festividade da Virxe o primeiro fin de semana posterior ao 16 de xullo. O párroco oficia unha misa e logo lévase a cabo unha procesión, que remata no porto viveirense coa homenaxe aos falecidos no mar. Na súa lembranza tírase á ría dende o porto antigo da vila unha coroa de flores.

4. FESTIVIDADE DO SAN CIBRAO.

COORDENADAS U.T.M.

X: 611.824 Y: 4.834.060

O sábado e o domingo seguintes ao 16 de setembro – festividade litúrxica do San Cibrao- conmemórase a súa festividade na parroquia de Vieiro que, antes do ano 1901, pertencía ás freguesías de San Francisco de Viveiro e Santa María de Galdo. O lugar de celebración relixiosa realízase na igrexa parroquial, construída no ano 2002, e que substituíu a unha capela do século XVI, na que se veneraba ao mártir, bispo de Cartago. A este santo acoden romeiros, en actitude de súplica, cos cativos que sofren diversas doenzas, maiormente con problemas ligados coa fala (retraso), coa locomoción (dificultades para camiñar), e co medo. Tamén se encomendan e el as rapazas que desexan encontrar un mozo. O rogo vai acompañado do cumprimento dunha serie de rituais, como o de rezar a novena ó santo; oír a misa solemne o día da festividade; participar na procesión e “poñer o santo”. A procesión, que percorre o perímetro do Santuario, vai encabezada pola cruz parroquial e dous ciriais; séguenlle as imaxes do San Antón, o Corazón de Xesús, a Inmaculada, e o San Cibrao, levadas nas andas por fregueses de ambos os dous sexos. No transcurso do acto vaise cantando o Himno a San Cibrao, que foi realizado no ano 1960 por Carlos Adrán Cambón. Dice así:

¡Oh glorioso Santo Bendito / que ofrendaste tu sangre al Señor / alcanzando la palma del martirio / en ardiente defensa de tu honor! / Ruega a Dios por nosotros / Te suplicamos llenos de fé / Ruega a Dios por nosotros / No abandones a tu grey, / San Cipriano Faro y guía de las almas / Que recoges amoroso hacia el redil / No te olvides de la oveja descarriada / Y con suave llamada hazla venir, hazla venir. /

Ao rematar a procesión, o párroco ou un fregués da parroquia encárganse de “poñer o Santo” a todos os devotos, que o desexen; por tal motivo, cunha pequena imaxe do Santo realizan unha cruz por riba da cabeza dos fieis, mentres recitan a seguinte xaculatoria:

***San Cipriano bendito,
polo seu poder celestial,
te libre de todo o mal. Amén .***

Por outra banda, dise que, antano, o San Cibrao nesta parroquia viveirense foi protector tamén dos que posuían “o meigallo” ou “o mal de ollo”.

O domingo seguinte celébrase a festividade do “San Cibrao pequeno” cos mesmos rituais que os días da festividade central. Así mesmo, hai anos había devotos que, logo de asistir aos diferentes actos litúrxicos, quedábanse a xantar no “Souto da feira”.

5. FESTIVIDADE DO SAN MARTIÑO.

COORDENADAS U.T.M.

X: 611.266 Y: 4.829.327

O domingo anterior a Pentecoste celébrase a romaría do San Martiño no monte Castelo, situado na freguesía de san Xiao de Landrove. A capela do santo álzase sobre un gran bloque granítico, no que asentan sete pequenos volumes do mesmo material cunha serie de cubetas normalmente cheas de auga. O día da festa algúns romeiros recollen o líquido dalgunhas cubetas e mollan alí a cabeza, os oídos e os ollos. Outros enchen botellas para levar auga a súa casa, e utilízala coa mesma finalidade. Así mesmo oen a misa solemne da unha da tarde, que o crego da parroquia oficia ó aire libre, se o tempo é axeitado. Finalmente, un fregués da comunidade “pon o santo”, cunha pequena fotografía da imaxe enmarcada en madeira, marcando o sinal da cruz na cara do romeiro, coa seguinte oración:

***Oh Santo , nuestro abogado en el cielo,
cúranos con tu gran celo,
la enfermedad del oído.
Cristo vive, Cristo reina.***

No que atinxe á festa profana non se celebra no monte, senón nun espazo chá da parroquia.

6. FESTIVIDADE DA VIRXE DE LOURDES.

A advocación da Virxe de Lourdes conmemórase na vila o 11 de febreiro na igrexa do convento da Concepción. Con tal motivo varios cregos concelebran unha misa solemne e logo realízase a **“procesión das antorchas”**, que tivo os seus inicios no ano 1927. A beira do edificio conventual sitúase unha pequena réplica da cova da Virxe de Lourdes, onde hai un conxunto importante de exvotos, depositados por fieis que viron cumpridas as súas prearias. Entre as ofrendas abundan candeas acesas, ramos de flores, fotografías, rosarios e figuras de cera que simbolizan o corpo humano total ou parcialmente.

7. FESTIVIDADE DO SAN PANTALEÓN.

A mediados de xuño conmemórase a festividade de San Pantaleón na parroquia de Galdo. Os romeiros oen a misa solemne, poñen o santo e participan na procesión que percorre o perímetro da igrexa. Logo xantan a beira do río Landro

8. FESTIVIDADE DO SAN XOÁN BAUTISTA.

O día 24 de Xuño festéxase na parroquia de Covas o San Xoán Bautista. Ata o ano 1738 os actos litúrxicos realizábanse no lugar nomeado da **“Concha ou Porto de Escourido”**. A partir deste ano edificouse a nova igrexa actual, que foi reedificada e ampliada no ano 1829, e posteriormente ampliada no ano 1973.

Na actualidade, o día 23 séguese conservando a tradición de facer unha importante fogueira. Logo, o día 24, o párroco oficia unha misa solemne, e a continuación sae a procesión.

9. FESTAS PROFANAS.

9.1. O ENTERRO DA SARDIÑA.

No que atinxe ás festas profanas do ciclo anual cómpre destacar, no marco do Entroido, “o enterro da sardiña” cuxo cadaleito pasean algúns integrantes do séquito, vestidos con túnicas de cor branco, por varias rúas da vila. Os integrantes do cortexo van cantando diferentes coplas xocosas e satíricas sobre a actualidade. Neste simbólico enterro tamén participan un grupo de mulleres –as choronas– que van vestidas con traxes de cor negro e que lamentan a morte do persoeiro, que logo vai ser queimado na praza principal de Viveiro diante de moitos confrades da **“Sardiña Salgada”** e público en xeral. Neste lugar adoita haber unha mesa para que os confrades da Asociación da Sardiña, e as persoas que o desexen firmen o seu pesar (as súas condolencias) por este evento funesto; diante da mesa hai un cartel no que se fai mención a este acto do seguinte xeito:



D. ANTROIDO CARNAVAL SARDIÑA

R.P.A.

Finou de madrugada por excesos / de festa e troula, cheo de porco,/

Grelas e filloas e empapadiño de / viño do país.

Seus irmáns: Momo (emigrado do Brasil) / e Carnal (exilado), /

as consoladoras viudas e tódolos / langráns e festexeiros, lambóns /

e ladeiros, lacazáns e caralleiros, /

Pregan unha derradeira antroidada / polo seu rexurdimento e a súa /

*asistencia á condución polas rúas / de VIVEIRO, para rematar na /
queima de madrugada na / PRAZA MAIOR.*

Velaquí algunhas estrofas compostas e cantadas nos últimos anos no remate do carnaval viveirense.

*“Viveiro, Viveiro, Viveiro,
ya no hay por donde cogerte,
y esto no tiene razón de ser
porque es la higiene un gran deber.
Es necesario con precaución
una discreta o más completa desinfección”-*

*“ Esta Vivero mojado / que parece que llovió, /
son lágrimas de lloronas / porque el Carnaval murió.
No lloreis tanto lloronas / que no hay porque llorar, /
que para el año que viene / ya vuelve a resucitar.
El Carnaval se ha muerto /lo vamos a enterrar, /
echarle poca tierra / que vuelva a resucitar /
(Se repite varias veces) .*

*“ Se te queres divertir
non tes máis que vir
o Antroido a Viveiro
e aquí terás que levar
túnica e antifaz
bigote e pandeiro.
E as penas as de deixar
co baile e o cantar
que a vida é unha broma,
danzar, neniños danzar
pra pena olvidar
¡ que la mar me coma!”
(ESTRIBILLO)*

***“Cantemos, cantemos
démoslle ó ribeiro,
que non hai Antroido
como o de Viveiro
que aunque hoxe a sardiña
imos a enterrar
tiremos da liña
pra resucitar,
si non é sardiña
parrocha será”***

9.2. FESTIVIDADE DOS MAIOS.

Ademais a mediados de maio celébrase a festividade “dos maios”, recuperada con éxito desde 1980 no ***“barrio do Campo da Urraca”*** para percorrer a vila conforme a modalidade do “maio humano”, tal como se celebraba, maiormente, hai máis dun século, nas terras do norte da Galicia. Agora, en lembranza daquel costume agrario, tanto os cativos como as cativas van polas rúas da Viveiro detrás dun personaxe que simboliza “o maio”, oculto entre canaveiras, palla e ramas. Daquela os adultos bótanlle ós rapaces do cortexo castañas secas ou diñeiro, segundo llo piden nas coplas tradicionais, que tamén serven para anunciar e mesmo erguer “o maio”, dun xeito parecido ás que se entoaban en Portomarín, ata a década de 1990, e se seguen cantando en Vilafranca do Bierzo.

ALGUNHAS COPLAS SOBRE O MAIO.

Este é o Maio / do Campo da Urraca / o máis galano / que ten a Comarca./

Cando Maio chega / o vrao ven axiña / si non ten maiolas / bote carto da huchiña.

Traeremos “canabeiras” / algunhas hedras tamén / flores de tódalas clases / rosas e lirios, tamén veñen ben./

Xa chegou a Primavera / o inverno aló quedou / festexemolo con gracia / con ledicia e con fervor./

Hai que ver como nos miran / que envidia debemos dar / acerquemoslle á festa / para que poidan disfrutar./

Boteno-lo maio / señores caballeros, / si non teñen maio / botennos diñeiros. /

Ehi ven o maio / pola calle d'abaixo / ehi ven o maio / de roubar un refaixo./
Ehi ven o maio / pola pescadería / ehi ven o maio / comendo pan e sardiña./
Ehi ven o maio / por encima dos tellados / ehi ben o maio de roubar ós escribanos./
Ehi ven o maio / por encima das silveiras / ehi ven o maio / de roubar as costureiras./
A sardiña podre / e o pan valorento, / boteno – lo maio / e non seña famento./
A sardiña podre / e o pan valorento / diano-lo maio / pra que entre pra dentro./

No percorrido que fai o Maio e os distintos persoeiros, que o acompañan, ornados con sombreiros de flores, hai un intre no que o Maio deitase na rúa. A continuación os seus acompañantes recítanlle as seguintes coplas:

Levante maio / que tanto durmiches / botaron o maio / e ti non o viches./
Levante maio / que tanto durmiches / que pasou o inverno / e ti non o viches./
Erguete maio / que moito durmiches / que pasou o cuco / e ti non o viches./

VI. ANTE OS DOUS POLOS DA FESTA: O IDEOLÓXICO OU NORMATIVO E O SENSORIAL

As romaxes descritas reflicten cara ó exterior unha serie de elementos básicos, como os ritos relixiosos, a comensalía, as relacións de amizade e de parella, a solidariedade comunal e a alegría como factor predominante.

O símbolo ritual da festa caracterízase, segundo **Alberto Galván**, por constituír unha polarización de significados que tenden a ser agrupados en dous polos semánticos opostos: un, o ideolóxico ou normativo, polo cal as manifestacións do ritual tenden a referirse a compoñentes da orde social e moral; e, o outro, o polo sensorial, que fai referencia ós fenómenos e procesos que estimulan os desexos e emocións. Por conseguinte, toda romaxe presenta un elemento de unión e comunicación do grupo social. Constitúe un xeito de liberación da sensibilidade, xa que é tamén o tempo no que se tolera a ruptura das normas e regras que regulan decote a conduta dos membros dunha comunidade.

O baile, o canto e mais a música, desencadean emocións; a bebida e a comida facilitan a comunicación. Estes trazos lévanos a apreciar como nas festas hai un tránsito

do cotiá a situacións onde poden manifestarse a espontaneidade, a diversión e o relaxamento dos costumes.

VII. BIBLIOGRAFÍA

CASALDERREY, Fina e GARCÍA, Mariano. *Festas gastronómicas de Galicia*, Vigo: Ed. Xerais, 2ª ed, 1995, páxs. 276-279.

CHAO ESPINA, Enrique. *Historia de Viveiro*, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 1988, páxs. 12-13.

DONAPÉTRY IRIBARNEGARAY, J. *Historia de Viveiro y su concejo*, Lugo: Servicio de publicacións da Excma. Deputación Provincial de Lugo, 1991.

GALVÁN, Alberto. “Ritos, fiestas y creencias”, en *Las Razas Humanas, t. II*, Compañía Internacional, Editora S.A., Barcelona, 1981.

JANEIRO RODRÍGUEZ, Francisco J. *Romarías e Santuarios da Comarca de Viveiro*, Viveiro (Lugo): Concello de Viveiro-Diputación Provincial de Lugo, 2000, páxs. 19-25, 31-35, 59-65.

NUEVO CAL, Carlos: “A Romería da Sarna. Un ritual curativo de tipo híbrido”, en Libro Revista Pregón Semana Santa de Viveiro. Ed. Xunta de Cdías. de la Semana Santa de Viveiro, 2005, paxs. 9-19.

NOVO GUISÁN, J. Miguel e MARTÍNEZ ARIAS, Luz María. *Un pasaje de la Medicina Popular de Galicia. S. Martín Castelo (Viveiro-Lugo)*. Lugo: Servicio Publicaciones Diputación Provincial, 1987, páxs.18-21.

SANTOS SAN CRISTÓBAL, Sebastián. *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. Madrid: Centro de Información Artística, Arqueológica y Etnológica. Ministerio de Cultura, 1983, páxs. 427-453.

VIII. ILUSTRACIÓNS.



A CAPELA DO SAN ROQUE. O ESPAZO DA ROMARÍA



SANTUARIO DO SAN ROQUE. O RITUAL DE “POÑER O SANTO”



ROMEIROS NO SAN ROQUE



SANTUARIO DO SAN ROQUE. RITUAL PROCESIONAL



PREPARANDO O CHOCOLATE NA ROMAXE DO SAN ROQUE



FACHADA DA CAPELA DO SAN ROQUE



MOZOS PARTICIPANDO NA ROMAXE DO SAN ROQUE



CAPELA DO SAN ROQUE. RITUAL DE “POÑER O SANTO”



ROMAXE DO NASEIRO. BAIXADA DO RÍO LANDRO



RITUAL PROCESIONAL



CASETAS NA ROMAXE DO NASEIRO





ROMAXE DO NASEIRO



ROMAXE DO NASEIRO. BAIXADA DO RÍO LANDRO



ROMAXE DO NASEIRO. BAIXADA DO RÍO LANDRO



ROMAXE DO NASEIRO. RITUAL DE “POÑER O SANTO”



ROMAXE DO NASEIRO. DIMENSIÓN PROFANA



CASETA NA ROMAXE DO NASEIRO



XANTAR NO NASEIRO NA DÉCADA DOS OITENTA DO SÉCULO PASADO



CHARANGA NA ROMAXE DO NASEIRO



CONVENTO DE VALDEFLORES



SANTUARIO DE VALDEFLORES. RITUAL DE “POÑER O SANTO”



SANTUARIO DE VALDEFLORES. RITUAL PROCESIONAL



ADVOCACIÓN MARIANA DE VALDEFLORES



A COVA DE LOURDES. VIVEIRO. EXVOTOS DE CERA PENDURADOS DA PAREDE



VIEIRO. IMAXE DO SAN CIBRAO



VIEIRO. RITUAL DE “POÑER O SANTO”



Fontecova. Capela dos Remedios



Fontecova. Interior da Capela dos Remedios



VIVEIRO. CAPELA DA MISERICORDIA. DEPUTACIÓN LUGO



COVAS. FESTAS DO SAN XOÁN. FOTO: LA VOZ DE GALICIA



BARRIO DA PESCADERÍA. VIVEIRO. RITUAL PROCESIONAL DA VIRXE DO CARME



DIFERENTES ELEMENTOS DA PROCESIÓN: ESTANDARTE. OFRENDA FLORAL. PENDÓN. IMAXE DO CARMEN LEVADA NAS ANDAS POR SEIS CONFRADES. AUTORIDADES E DEVOTOS



BARRIO DA PESCADERÍA. VIVEIRO. ADVOCACIÓN DO CARMEN



FESTA DOS MAIOS





FESTA DOS MAIOS



FESTA DOS MAIOS



VIVEIRO. A SARDIÑA LEVADA POR CATRO CONFRADES



PROCESIÓN DO ENTERRO DA SARDIÑA



AS CHORONAS NO ENTERRO DA SARDIÑA



A QUEIMA DA SARDIÑA

